

EXERCICIOS DO TEMA 2 A ALTA IDADE MEDIA. O INICIO DO FEUDALISMO

O feudalismo en Europa

1. Cales son os **trazos característicos** da época feudal? (páxina 58)
Os trazos característicos da época feudal foron a perda do poder político dos reis, unha economía agraria, unha organización social baseada en relacións de dependencia entre as persoas e unha enorme influencia da relixión.
2. Que **situación** se vivía en **Europa** no século IX?
A Europa do século IX vivía unha situación de inseguridade, crise e pobreza trala morte de Carlomagno.
3. Observa o mapa das **invasións** do século IX e X.
 - a. Que pobos atacaban Europa?
A inseguridade veu producida polos ataques de diferentes pobos (2ª invasións) entre os que se encontraban os viquingos, húngaros e sarracenos.
 - b. De onde procedían cada un deles?
Os viquingos procedían dos países nórdicos (Escandinavia), os húngaros de Europa do leste (actual Hungría) e os sarracenos eran musulmáns do norte de África (Tunisia, Arxel).
 - c. Onde atacaban cada un deles?
Os viquingos atacaron a fachada atlántica de Europa e chegaron ata o Mediterráneo (Italia), tamén ao Mar negro a través do río Vístula. Os maxiarios (húngaros) atacaron Centroeuropa e a Península itálica. Mentres que os sarracenos as costas mediterráneas europeas.

A monarquía feudal


4. Cales eran as **funcións dos reis**? Como se axudaban para gobernar? Quen a formaba? E cal era a súa función? (páxina 59)
Os reis dirixían o exército, lexislaban e xulgaban. Para gobernar axudábanse da **Curia Rexia**, unha asemblea de nobres e eclesiásticos que o aconsellaban nos principais asuntos.
5. Como gobernaban os **territorios**?
O reino dividiuse en condados e ducados a cargo dun conde e duque respectivamente.

A economía feudal

6. En que se **baseaba a riqueza** na Europa medieval? (páxina 60)
A riqueza no mundo medieval se fundamentaba na posesión da terra (principalmente do dereito do seu desfrute-usufruto).
7. Cal era o **centro da actividade económica**? En que consistía?
O centro da actividade económica eran os feudos ou señoríos, que eran grandes territorios pertencentes ao rei (reino, Estado) concedidos á nobreza ou clero a cambio dos seus servizos.

8. En cantas **partes** se dividía o **señorío**? Establece a **definición** e as **características** de cada unha.

O feudo constaba de dúas partes: a reserva e os mansos. A reserva era o territorio explotado directamente polo señor. Incluía a residencia (castelo), terras de labor cultivadas por servos, prados, bosques, ríos, muiños, ferrerías, etc. Mentres os mansos eran pequenas parcelas arrendadas aos campesiños a cambio dunha parte da colleita, realizar diversos traballos na reserva e certos servizos (corveas).



9. Por que os **rendementos** da agricultura eran moi escasos? (páxina 61)

Porque as ferramentas que empregaban (aixada, fouce, gadaña, arado, etc.) e as técnicas de traballo (rotación bienal) eran moi rudimentarias (elementais).

10. Por que os **señoríos** eran **autosuficientes**?

Porque procuraban ter todo o necesario, tiñan ferrerías, carpinterías, tonelería, etc.

11. Por que pensas que o **comercio** nesta época era moi escaso? Xustifica a túa resposta.

Como os señoríos eran autosuficientes practicamente en todos os produtos, apenas necesitaban mercar nada, polo que o comercio era moi escaso.

A sociedade feudal

12. Que quere dicir que a **sociedade** medieval era **estamental**? (páxina 62)

A sociedade medieval era estamental, xa que se dividía en ordes ou estamentos aos que se pertence por nacemento.

13. Cales eran os **tres estamentos**? Que funcións tiñan?

Existían tres ordes ou estamentos: a nobreza, que eran os guerreiros que defendían a sociedade; o clero, que oraban pola salvación das almas; e os traballadores, que mantiñan aos outros dous grupos.

14. Por que nobreza e clero eran estamentos **privilexiados**?

Non pagaban impostos, tiñan leis especiais e tiñan cargos de goberno reservados entre eles.

15. Entre quen se establecía as **relacións feudo-vasalo**?


As relacións de vasalaxe establecíanse entre o señor e un vasalo.

16. Que eran estas relacións de **vasalo**?

Eran pactos de alianza militar a cambio dun medio de sustento.

17. En que consistía o **acto de vasalaxe**?

Consistía nunha cerimonia que constaba de dúas partes: o homenaxe, do vasalo ao señor (no que lle mostraba a súa fidelidade) e a investidura, onde o vasalo era "investido" como tal entregándolle o señor o beneficium (feudo, cargo eclesiástico, cargo público, etc.).



18. Entre quen establecía as **relacións de servidume**?

As relacións de servidume establecíanse entre un señor e un campesiño.

19. Que lles daba o **señor**? Que obrigas tiña **campesiño**?

O señor dáballes protección, xustiza e permiso para traballar a terra. A cambio, o campesiño estaba obrigado a traballar a reserva señorial, a entregarlle unha parte da súa colleita e pagar os dereitos señoriais.

20. Sinala os dous **grupos** nos que se divide a **nobreza** e indica quen os forma. (páxina 64)

A nobreza dividíase en dous grupos, a alta e a baixa nobreza. A alta nobreza pertencían os duques, condes, marqueses, baróns. A baixa nobreza estaba integrada por cabaleiros e fidalgos.

21. Fai o mesmo co **estamento eclesiástico**. (páxina 66)

No clero tamén podemos distinguir entre alto e baixo clero. O alto clero estaba formado polos bispos, arcebispos, abades, abadesas e outros cargos eclesiásticos. O baixo clero era formado polos monxes e monxas e os sacerdotes.

22. Eran todos os **campesiños** iguais? Que tipos había? En que se distinguían? (páxina 68)

Poderíamos distinguir entre viláns e servos. Os viláns eran campesiños libres, podían vivir onde quixeran, mesmo marchar do feudo. Os servos eran persoas dependentes, non podían abandonar o manso que cultivaban e transmitían aos seus herdeiros a súa condición.

